


Principais indicadores

cubertos

Afundación Obra Social ABANCA

OUTUBRO 2020


"A través deste programa proporcionamos menús saudables e nutritivos a nenos e nenas de familias vulnerables en risco de exclusión, durante as vacacións escolares, desde o día 1 de xullo ata o día 9 de setembro."

DATOS CUANTITATIVOS

LOCALIZACIÓNS

Programa realizado nas **7 principais cidades de Galicia**, que concentran o 37% da poboación galega:

- A Coruña
- Lugo
- Ourense
- Pontevedra
- Santiago
- Ferrol
- Vigo

PRAZO

Desde o 1 de xullo ao 9 de setembro, ambos incluídos, con entregas diarias de menús de luns a venres. **51 días de duración**.

CONVENIOS SUSCRITOS

Sete convenios subscritos con:

- Concellerías de Benestar Social de cinco concellos (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Ourense)
- Dúas organizacións sociais (Fundación Juan Soñador en Lugo e Vigo e Cáritas diocesana en Vigo)

PUNTOS DISTRIBUCIÓN

24 puntos de distribución de menús para facilitar a recollida polas familias e evitar colas. Seleccionáronse puntos neutros para normalizar a acción, como centros educativos, centros cívicos municipais ou centros de actividades de Afundación, aos que as familias acoden habitualmente. As entregas realizáronse de xeito cómodo e espaciado.

BENEFICIARIOS

Número de beneficiarios dos menús:

- 1422 escolares cada día (media diaria programa)
- 70.930 menús entregados ás familias durante todo o programa

CAPITAL HUMANO

Máis de 200 personas implicadas:

- **113 voluntarios**, empregados de ABANCA, Afundación e familiares atendendo os diferentes puntos de distribución de menús, durante os 51 días de duración do programa.
- **100 empregados de Afundación implicados no proxecto**, gran parte deles con dedicación continua, como coordinadores do programa nas diferentes cidades. Algúns continuaron participando tamén como voluntarios nas súas vacacións.

Implicación e participación de todos os niveis corporativos no voluntariado.

HORAS DE DEDICACIÓN

4329 horas dedicadas á execución do programa de xeito directo:

- **1244** horas de voluntarios
- **3085** horas de coordinadores e persoal de apoio

Intervención directa nos puntos de apoio: 150 persoas, das que 113, voluntarios; 24, coordinadores locais; 11, persoal de apoio; e 2, coordinación xeral.

CATERING

2 empresas provedoras de menús, cociñando diariamente:

- 35.326 menús servidos en liña quente, 35.604 servidos en liña fría
- 14% dos menús proporcionados atenderon necesidades especiais: alerxias, intolerancias e/ou especificidades culturais

PRESUPOSTO

O custo final do programa ascendeu a 345.825,28 €:

- 320.118,2 € menús, facturación empresas de catering
- 25.707,1 € gastos de xestión (incluídos EPI, bolsas isotérmicas, etc.)

O custo por beneficiario foi de 243,2 € por neno/nena. O custo dos recursos de Afundación derivados á atención e execución de Cubertos ascendeu a 76.440 €.

DATOS CUALITATIVOS

Realízanse enquisas ás familias beneficiarias para coñecer o nivel de satisfacción co programa. Devolven cumprimentadas 419, practicamente a totalidade das entregadas.

Medición de 5 indicadores de satisfacción (elementos tanxibles, fiabilidade, capacidade de resposta, empatía e satisfacción xeral) e 13 ítems.

Puntuación media: 4,81 sobre 5, nivel excelente, superamos expectativas!

O indicador "empatía" obtén a mellor valoración, **4,93** sobre 5, e **confirma o valor engadido que achega o voluntariado a un proxecto social destas características.**

A enquisa ofrecía respostas de campo aberto para que as familias puidesen expresar as súas opinións de xeito totalmente libre, obténdose 290 comentarios das 419 enquisas, unha elevada participación e interese por facernos chegar as súas opinións.

A enquisa preguntaba abertamente que suxestións de mellora propoñían as familias, obtendo 122 respostas, que se terán en conta e se trasladarán ás empresas de catering e aos concellos de cada unha das cidades.